

POXA DE APROVEITAMENTOS MADEIRABLES

## **PREGO DE CONDICIÓNS**

PROPIEDADES PARTICULARES DOS MONTES

“GANDIA”,  
“TARABELA” E  
“COTO DA GAITA”  
(XERMADE - LUGO)

## POXA DE MADEIRA PREGO DE CONDICIÓNS

A propiedade dos montes “Gandía”, “Tarabela” e “Coto da Gaita”, debidamente facultada para a venda de madeira da súa propiedade procede á venda de dos (2) lotes de madeira de piñeiro e eucalipto (*Pinus radiata* e *Eucalyptus nitens*), polo sistema de poxa a alza e plicas pechadas coas seguintes

### CONDICIÓNS XERAIS:

#### *Primeira.- Obxecto da poxa*

O obxecto da presente poxa é o alleamento dos aproveitamentos madeirables cuxas características detállanse a continuación:

LOTE	MONTE	CONCELLO	LUGAR	ESPECIE	Nº PÉS ESTIMADOS	VOLUME ESTIMADO (m <sup>3</sup> cc)	PREZO BASE (€)	OBSERVACIÓNS
1	GANDÍA	Xermade	Gandía	<i>Pinus radiata</i>	4.137	1.281	50.000	Corta a oito Certificación PEFC, FSC
	TARABELA ESTE	Xermade	Gandía	<i>Eucalyptus nitens</i>	27	87		Restos de corta deberán ser estelados ou triturados.
2	COTO DA GAITA	Xermade	Gandía	<i>Pinus radiata</i>	1.975	329	53.000	Corta a oito Certificación PEFC, FSC
	TARABELA OESTE	Xermade	Gandía	<i>Eucalyptus nitens</i>	885	139		Restos de corta deberán ser estelados ou triturados.
				<i>Pinus radiata</i>	3.007	1.105		
				<i>Eucalyptus nitens</i>	71	126		

Os lotes atópanse rozados por rúas de plantación, sendo totalmente identificables.

Localización do lote 1:

<https://www.google.com/maps/dir/43.3877733,-7.7255128//@43.3883311,-7.7252809,659m/data=!3m1!1e3>

Localización do lote 2:

<https://www.google.com/maps/dir//43.3941468,-7.7232663/@43.393589,-7.7232904,480m/data=!3m1!1e3?ucbcb=1>  
<https://www.google.com/maps/dir//43.3897774,-7.7311174/@43.3896117,-7.7308867,320m/data=!3m1!1e3?ucbcb=1>

#### *Segunda.- Prezo base de licitación e prezo índice*

Establécese un PREZO BASE de licitación para o lote expresado no punto primeiro, no admitíndose ofertar por debaixo de este valor. Establécese, ademais un PREZO ÍNDICE, superior ó prezo base, para dito lote, que se reserva a parte vendedora, e que figurará nun sobre pechado que será aberto simultaneamente coa apertura das plicas de oferta dos licitadores.

A Mesa de adxudicación resolverá no acto se procede ou non a adxudicación provisional dos lotes poxados.

***Terceira.- Fianzas***

Establécese unha fianza do 10% do valor de alleamento do aproveitamento madeirable para resarcimento dos posibles danos contra a integridade do monte ou das súas infraestruturas. Esta cuantía permanecerá en depósito ata que finalizado o aproveitamento e efectuado o recoñecemento final, resolva sobre a súa devolución total ou parcial á entidade propietaria. A fianza farase efectiva no acto de adxudicación provisional.

***Cuarta.- Apertura de plicas***

A poxa celebrarase o **venres día 14 de outubro de 2022 ás 19:00 horas na casa sita no Lugar de Gandia 5 (Lousada-Xermade)**. A asistencia persoal dos licitadores á poxa é requisito necesario para poder ser adxudicados os lotes.

<https://goo.gl/maps/fYbGTSLueTKMeZGE7> (Lugar de Gandia 5)

A Mesa de adxudicación estará presidida por persoal técnico da Asociación Forestal de Galicia.

***Quinta.- Prazo de presentación de proposicións***

As ofertas presentáranse **ata as 14:00 h do 14 de outubro de 2022**, na **oficina da AFG en Santiago de Compostela** sita na Rúa do Vilar 33, 1º **en horario de 9:00 a 14:00 h.** sendo válidas todas as ofertas presentadas en man ou recibidas por correo certificado o menxaseiro, antes das 14:00 h do venres 14 de outubro. Despois das 14:00 h non se recollerá ningunha oferta.

***Sexta.- Proposicións***

Cada licitador presentará as súas ofertas nun sobre pechado, individual para cada lote, contendo copia do seu D.N.I. (empresa ou persoa xurídica o C.I.F.) e a proposición económica formalizada segundo modelo que se facilita, facendo indicación expresa, no exterior do mesmo do número ou denominación do lote ó que corresponda.

***Sétima.- Adxudicación provisional***

A adxudicación provisional realizarase ó mellor postor, que reunindo as condicións esixidas, supere o PREZO ÍNDICE. De non superarse o PREZO ÍNDICE, a Mesa resérvase o dereito de adxudicar ou non o lote. Na apertura das plicas permitirase un receso de 10 minutos no caso de non atoparse presentes tódolos licitadores.

No caso de que aparezan dúas ou máis ofertas iguais que represente a máxima vantaxe económica respecto das restantes abrirase inmediatamente licitación verbal entre quen as tiveran formulado, mediante “poxas á llana” durante quince minutos, pasados os mesmos, se o empate subsistira, a adxudicación decídese por sorteo.

Aboarase a continuación a fianza establecida, considerándose realizada a adxudicación provisional.

***Oitava.- Adxudicación definitiva. Pagos e depósitos a efectuar polo Adxudicatario.***

A adxudicación será firme sempre que nun prazo de 30 días naturais seguintes á adxudicación provisional, cumprense as seguintes formalidades:

- a) Depósito da fianza que se establece na cláusula terceira.
- b) Ingreso da totalidade do prezo de adxudicación do lote, máis o 12% sobre o valor da mesma, en concepto de IVE e a retención que corresponda.

No caso de non realizar o pago, o adxudicatario perderá a fianza e o dereito de corta sobre o lote.

Os referidos ingresos e depósitos efectuaranse mediante cheque a nome da propiedade ou transferencia bancaria na conta da propiedade .

A entidade propietaria, unha vez presentados os xustificantes destes ingresos, expenderá o recibo correspondente ó comprador polo valor dos pagos e depósitos efectuados.

Se o adxudicatario deixase transcorrer o prazo sinalado sen presentar os xustificantes de ter realizado os pagos citados á entidade propietaria, perderá tódolos dereitos sobre o aproveitamento, incluída a fianza depositada.

A madeira ten certificación dual PEFC e FSC e o custo de 0,30 €/t da xestión do proceso de certificación para a entrega do “CERTIFICADO DE VALIDACIÓN DE VOLUME” para asegurar a trazabilidade será abonado polo adxudicatario.

***Novena.- Reserva de anulación da poxa***

A Propiedade resérvase o dereito de anular a poxa do lote se observasen erros ou anomalías, ou altercados que impidan celebrar a poxa con normalidade.

***Décima.- Responsabilidade laboral e de accidentes***

O adxudicatario asume toda a responsabilidade en materia laboral, seguridade e hixiene no traballo dos traballadores que realicen o aproveitamento e transporte da madeira. A comunidade exímese da responsabilidade de calquera dano tanto a persoas como a bens que poidan producirse polas operacións do aproveitamento.

## **CONDICIÓN DO APROVEITAMENTO**

***Undécima.- Prazo de execución***

O prazo de execución do aproveitamento será de **seis (6) meses**, a contar desde a **obtención da aprobación de tódalas autorizacións pertinentes para o aproveitamento.**

### ***Duodécima.- Entrega dos aproveitamentos***

Unha vez definitiva o alleamento do aproveitamento e nun prazo máximo de dez días fixarase, a petición do comprador, o día e a hora na que se efectuará a entrega do aproveitamento. En este acto de entrega se presentarán o Adxudicatario e a entidade propietaria, podendo estar asistidos por un Técnico Forestal.

Nesta operación recorrerase a superficie do monte onde se verificará o aproveitamento e a zona perimetral do mesmo, levantándose acta por duplicado na que se consigne a conformidade do comprador coa existencia da cantidade e a clase dos produtos madeirables a aproveitar, obxecto do presente prego, ou no caso contrario faranse constar as incidencias producidas, así como as reclamacións e obxeccións que se formulen polos asistentes.

No caso de pasar os dez días sen que o comprador solicitase a entrega do aproveitamento considerarase que este renuncia ó levantamento da acta e que está conforme coa cantidade e clase de produtos a aproveitar que figuran na primeira cláusula deste prego.

A licenza administrativa de corta efectuarase polo Adxudicatario, tramitada ante a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural e os organismos afectados polo aproveitamento que precisen de autorización sectorial específica. A propiedade facilitará a acreditación da representación ao adxudicatario.

O Adxudicatario presentará a propiedade dentro dos 30 días seguintes á adxudicación provisional, copia das solicitudes de declaracións ou autorizacións aos diferentes organismos e administracións afectadas polo aproveitamento.

### ***Décimo terceira.- Obrigacións que contrae o comprador ó efectuar a tala***

Por ningún concepto poderá o rematante variar o obxecto do aproveitamento, é dicir cortar outras árbores que non sexan as sinaladas. Só permitirase a corta das árbores ou parcelas expresamente sinaladas pola Propiedade.

Ó apeo das árbores sinaladas obxecto do aproveitamento deberá dirixirse de maneira que na súa caída causen o menor dano posible ós que queden en pé, pois os danos que produza dita caída así como cantos se causen intencionadamente ou por negligencia, consignaranse na acta de recoñecemento final como danos imputables ó adxudicatario.

### ***Décimo cuarta.- Control da corta***

A Propiedade resérvase o dereito de exercer o control da corta e saca de madeira. O adxudicatario comprométese e así queda obrigado a comunicar a Propiedade a data de inicio do aproveitamento con antelación suficiente.

### ***Décimo quinta.- Responsabilidades en danos a infraestruturas***

A reparación dos danos ocasionados en las pistas e estradas veciñais pola retirada de madeira, así como danos en infraestruturas de regadío, tendidos de subministro eléctrico ou de telecomunicacións, conducións subterráneas de auga potable

ou outras construcións que poidan existir na zona de corta e vías de saca, serán a cargo do adxudicatario.

***Décimo sexta.- Restos de corta***

Os restos de corta (ramas e rabeiros deberán ser triturados ou estelados unha vez realizada a corta, no prazo máximo de quince días si o aproveitamento se realizase en época de alto risco de incendios ou de un mes no resto do ano.

Os residuos que poida xerar a operación de corta e saca (latas de combustibles e aceites de engraxe, restos de reumáticos repostos de ferramentas mecánicas y de vehículos, restos de cables, prendas de vestuario, restos de envases de bebidas ou de alimentos, etc.) serán obrigatoriamente retirados do monte, por conta do adxudicatario, a vertedoiro autorizado.

***Décimo sétima.- Areas de almacenamento de madeira***

Tendo en consideración os riscos fitosanitarios, as áreas de almacenamento ou cargadeiros non deberán servir de almacén permanente, razón pola que a madeira non permanecerá depositada no monte por un período superior ós quince días, ou menor, se así o establece a administración competente.

***Décimo oitava.- Prevención de incendios***

Como medida preventiva de incendios forestais, o rematante manterá os camiños, pistas, cargadeiros e parques de madeira libres de obstáculos que impidan o paso e a manobra de vehículos e limpos de residuos ou desperdicios, incluíndo cunetas e taludes.

***Décimo novena: Código de Boas Prácticas***

O adxudicatario comprométese a cumprir o Código de Boas Prácticas, a facelo coñecedor a tódolos traballadores propios que desenvolvan a súa actividade no presente monte e cumprirá coa lexislación vixente nas actividades que execute na propiedade.

***Vixésima.- Recoñecemento final***

Unha vez finalizado o aproveitamento do lote, o adxudicatario comunicarao á Propiedade, e nun prazo de quince días naturais procederase Acta de recoñecemento final pola entidade propietaria, o adxudicatario e un Técnico Forestal no seu caso.

Á operación de recoñecemento final asistirán as mesmas representacións que ó acto de entrega do aproveitamento, coa finalidade de comprobar que o mesmo se ten realizado unicamente sobre as árbores alleadas. Para isto recorrerase a zona onde radique o aproveitamento e a súa zona perimetral.

Rematada a operación, se así o demandase unha das partes, estenderase unha acta por duplicado na que se recolla o resultado daquelas. Se detectasen danos causados ó arborado non sinalado, especificaranse na acta coa clasificación de evitables e inevitables, figurando entre estes últimos os que non houberse posibilidades de evitar durante a operación de corta.

Polos danos causados que se consideren evitables abonará o comprador ó dobre do seu valor en concepto de indemnización, ademais do seu valor no caso de que se estime pola entidade propietaria que os produtos sexan retirados polo Comprador. Estas responsabilidades deberán facelas efectivas antes da extracción dos produtos. Inclúense como danos evitables a corta de árbores madeirables non sinaladas sempre e cando non excedan o número de dez. Se excede deste número, a fianza perderase na súa totalidade.

Cando unha árbore marcada para a corta non fose apeado antes do recoñecemento final, quedará en beneficio do monte, sen que o Comprador teña dereito a indemnización algunha nin ó seu aproveitamento posterior.

A instancia do adxudicatario acordarase a devolución da fianza se non se tivesen causando danos. En caso de existir danos, o importe dos mesmos será deducido da fianza. Si excede desta cuantía, requirirase o abono da cantidade complementaria.

Rematada a operación de recoñecemento final sen imposición de responsabilidades ou liquidadas estas polo Adxudicatario darase por concluído o aproveitamento.

#### ***Vixésima primeira.- Comunicación final***

Comunicación final. Una vez finalizado o aproveitamento, en nun prazo dun mes, no caso de que a variación do volume ou peso do aproveitamento madeiro ou leñoso finalmente aproveitado e que supere o 15% do previamente aprobado na correspondente autorización ou declaración, o adxudicatario comunicará á propiedade o total de toneladas extraídas para o cumprimento do establecido no DECRETO 73/2020, do 24 de abril, que establece a obriga de comunicar esta variación.

#### ***Vixésima segunda.- Xurisdición***

As partes sométense á xurisdición dos Tribunais de Vilalba para a resolución de calquera conflito orixinado pola interpretación e/ou cumprimento do presente contrato.

#### ***Vixésima terceira.- Aceptación***

O Adxudicatario, polo mero feito de presentarse á poxa, sométese e acepta expresamente tódalas condicións xerais e do aproveitamento anteriormente descritas.

En Lousada – Xermade (Lugo), setembro de 2022  
A propiedade de Gandia



Asociación Forestal de Galicia

### Lote 1 SUBASTA MADERA

Límite propiedad

*Pinus radiata*

*Eucalyptus nitens*

**Escala:** 1/4.000

Fecha: Agosto de 2022

**Sist. Coord.:** ETRS89 29T

Lugar: Gandía

Parroquia: Lousada.


Municipio: Xermade (Lugo).




Tarabela  
Este




# LOTE 1

Gandía





**Lote 1 SUBASTA MADERA**

-  Límite propiedad
-  Pinus radiata
-  Eucalyptus nitens

**Escala: 1/4.000**  
*Fecha: Agosto de 2022*  
**Sist. Coord.: ETRS89 29T**  
*Lugar: Gandia*  
*Parroquia: Lousada.*  
*Municipio: Xermade (Lugo).*



**LOTE 1**

Tarabela Este

Gandia

Gandia Bañas

603000

603200

603400

603600

4805200

4805000

4804800

4804600

4804400



Asociación Forestal de Galicia

Escala: 1/5.000


Fecha: Agosto de 2022


Sist. Coord.: ETRS89 29T

Lugar: Gándia  
Parroquia: Lousada.  
Municipio: Xermade (Lugo).

### Lote 2 SUBASTA MADERA


 Límite propiedad

 *Pinus radiata*

 *Eucalyptus nitens*



N





Asociación Forestal de Galicia

Escala: 1/5.000


Fecha: Agosto de 2022

Sist. Coord.: ETRS89 29T


Lugar: Gandía  
Parroquia: Lousada  
Municipio: Xermade (Lugo).

### Lote 2 SUBASTA MADERA

 Límite propiedad

 *Pinus radiata*

 *Eucalyptus nitens*



602600

602800

603000

603200

603400

603600

603800

4805600

4805400

4805200

4805000

4804800